



D.<sup>a</sup> SARA MARTÍNEZ ÁLVAREZ, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE

VIVEIRO (LUGO)

CERTIFICA: Que a acta da sesión ordinaria, celebrada pola Xunta de Goberno Local o día doce de setembro do dous mil cinco, copiada literalmente, di así:

**“ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DOCE DE SETEMBRO DO DOUS MIL CINCO.”**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Melchor Roel Rivas.

**CONCELLEIROS**

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes e D. César Ricardo Naval Parapar.

**NON ASISTE**

D. Rafael Luis Fernández Amor.

**ENXEÑEIRO MUNICIPAL**

D. Alfonso Tenorio Aranguren.

**SECRETARIA**

D.<sup>a</sup> Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as dezaioito horas e trinta minutos do día doce de setembro do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do enxeñeiro municipal, D. Alfonso Tenorio Aranguren, e a da Secretaria, D.<sup>a</sup> Sara Martínez Álvarez, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

**1º.1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE XULLO DE 2005.**

Informados do contido da acta, correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2005, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación.



**1º.2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA OITO DE AGOSTO DE 2005.**

Informados do contido da acta, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 8 de agosto de 2005, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación.

**2º.- CORRESPONDENZA OFICIAL.**

**2.1.- ESCRITO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, SOLICITANDO INFORME.**

Dáse conta de escrito da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria Da Xunta de Galicia, interesando informe relativo á solicitude de BEGASA que se tramita nesa Delegación, sobre a instalación eléctrica denominada “Reelectrificación de Vilameá-Valcarría” e, achegando separata do proxecto.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda remitir á Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria o informe emitido polo Enxeñeiro municipal que, textualmente, dí:

“Con relación á solicitude de establecemento por parte do Concello do oportuno condicionado, feita por D. Jesús Bendaña Suárez, Delegado Provincial da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, por medio dun escrito asinado por el o día 31 de agosto de 2005, co número de expediente IN407A 2005/196-2-6547-AT, referente á instalación solicitada por BEGASA que consiste nunha liña de baixa tensión entre O Castañal e Vilameá, na parroquia de Valcarría, fago constar:

1. A liña é aérea, sobre postes de formigón ou madeira, novos ou existentes. No treito paralelo á estrada a Penas Agudas, a liña cruza á beira onde está a igrexa parroquial, aproveitando os postes vellos, un dos cales está xunto á igrexa.
2. Opino que sería recomendable eliminar o dito poste pasándoo á outra beira da estrada, para separar a liña da igrexa, e facendo soterrada a acometida a ela.
3. Haberá que atender ás indicacións de AQUAGEST e do persoal municipal no tocante á coordinación cos servizos que se pudieran afectar (abastecemento de auga potable, iluminación pública, etc.)”

Dáse traslado ao departamento de obras e servizos para a súa tramitación.

**2.2.- ESCRITOS (2) DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL, ACHEGANDO RESOLUCIÓN S SOBRE SONDAXES ARQUEOLÓXICAS DE INMOBLES.**

Dáse conta de dous escritos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, achegando copias das resolucións polas que se autorizan aos arqueólogos para a realización dunhas sondaxes arqueolóxicas valorativas nos inmobles sitios na rúa Rosalía de Castro números: 39-41 e 50, desta Cidade.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslados de ditos escritos ao departamento de Obras e urbanismo e á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico.



**2.3.- ESCRITOS DO SERVIZO DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, ACHEGANDO DENUNCIAS SOBRE VEHÍCULOS ABANDONADOS.**

Dáse conta de escritos (2) do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, nos que se achegan denuncias sobre vehículos abandonados a nome de D. José Álvarez Timiraos e D. Sergio Mourellos Mourellos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado de ditos escritos á persoa encargada da tramitación de ditos expedientes.

**2.4.- ESCRITO DE USOS DO LITORAL, COMUNICANDO A IMPOSICIÓN DA 18º MULTA COERCITIVA.**

Dáse conta de escrito de Usos do Litoral, da Delegación Territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, remitindo notificación de acordo de execución forzosa mediante a imposición da 18º multa coercitiva derivada de expediente sancionador ES/22-96/VV, por infracción da Lei de Costas dentro da zona de servidume de protección do T.M. de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada, e dar traslado do dito escrito ao departamento de Intervención.

**2.5.- ESCRITO DO C.E.P. “LOIS TOBÍO” DE VIVEIRO, SOLICITANDO ACOMETIDA DE ACTUACIÓNS URGENTES.**

Dáse conta do escrito do C.E.P. “Lois Tobío”, de Viveiro, reiterando necesidade urxente de acometer as actuacións que se detallan no mesmo.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado de dito escrito ao Delegado da Consellería de Educación por entender necesarias a execución das obras e os arranxos no dito Centro.

**2.6.- ESCRITO DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN Nº 2 DE VIVEIRO, COMUNICANDO O SOBRESEIMENTO PROVISIONAL E ARQUIVO DE CAUSA.**

Dáse conta do escrito do Xulgado de Instrucción Nº 2 de Viveiro, comunicando o sobreseimento provisional e arquivo da causa, relativa ás dilixencias previas por procedemento abreviado 12/2005.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda darse por informada e, dar traslado de dito escrito ao departamento de Obras e urbanismo.

**2.7.- ESCRITO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, SOLICITANDO INFORME.**

Dáse conta de escrito da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria Da Xunta de Galicia, interesando informe relativo á solicitude de BEGASA que se tramita nesa Delegación, sobre a instalación eléctrica denominada “Reelectrificación de Teixeira e Outeiro” e, achegando separata do proxecto.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda remitir á Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria o informe emitido polo Enxeñeiro municipal que, textualmente, dí:

“Con relación á solicitude de establecemento por parte do Concello do oportuno condicionado, feita por D. Jesús Bendaña Suárez, Delegado Provincial da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, por medio dun escrito asinado por el o día 5 de setembro de 2005, co número de expediente IN407A 2005/200-2-6557-AT, referente á instalación solicitada por BEGASA que consiste nunha liña de baixa tensión en Teixeira e Outeiro, na parroquia de Celeiro, fago constar:



1. A liña é aérea, sobre postes de celosía, formigón ou madeira, novos ou existentes.
2. No treito xunto á estrada LU-862 (O Vicedo-San Cibrao), os postes deberanse poñer fóra da aliñación de planeamento, que se sitúa aproximadamente a 12,5 m. do eixe da calzada.
3. Xunto a este informe unha fotocopia co plano do planeamento onde se reflicte a dita aliñación.
4. Haberá que atender ás indicacións de AQUAGEST e do persoal municipal no tocante á coordinación cos servizos que se puideran afectar (redes de abastecemento de auga potable, saneamento, iluminación pública, etc.).”

### **3º.- LICENZAS DE OBRAS MENORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar, previo pagamento das taxas municipais correspondentes, as seguintes licenzas de obras menores, que se expiden agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, debendo iniciarse no prazo de un mes e rematarse no de seis meses contados desde o día seguinte ó da notificación do acordo de concesión da licenza; transcorridos os devanditos prazos, iniciárase expediente para instar a caducidade da licenza.

3.1.- **A DE D. LUIS DÍAZ PENABAD**, veciño de Vigo e con domicilio na rúa Numancia, 100-3ºA, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar de Villamarcol, 32, da parroquia de Magazos, consistentes en:

- Reconstruír un muro de pedra para o pecha de finca, cunhas medidas de 1,80 m de alto e 4 m de longo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

“A altura non será maior ca do muro orixinal”.

3.2.- **A DE D.ª MARÍA ELENA COCIÑA FANEGO**, veciña de Viveiro e con domicilio na rúa Santiago, 6, da parroquia de Celeiro, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar indicado, consistentes en:

- Substituír dúas ventás de aluminio branco, cunhas medidas de 1,20 x 1,70 m.
- Substituír unha porta traseira en aluminio branco, cunhas medidas de 2,50 x 2,50 m.

3.3.- **A DE D.ª MARÍA SEARA ALBO**, veciña de Lugo e con domicilio na Avda. das Américas, 1-5ºB, que solicita licenza urbanística para realizar obras en Xunqueira, 19-3ºB, consistentes en:

- Substituír os azulexos da cociña, nunha superficie aproximada de 50 m<sup>2</sup>.
- Substituír os azulexos do cuarto de baño, nunha superficie de 30 m<sup>2</sup>, así como as pezas do baño.

3.4.- **A DE D. EDUARDO VÉREZ CHAO**, veciño de Viveiro e con domicilio no lugar de Pena, 58, da parroquia de Vieiro, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar de Granxa, na parroquia de Vieiro, consistentes en:

- Reforzar e consolidar o muro de contención tradicional de mampostería, cunha lonxitude de 35 m, e unha altura de 1,20 m.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

“A reconstrucción limitarase ás zonas danadas. Se se fai de formigón, preferentemente se revestirá de pedra semellante á do resto do muro”.



3.5.- **A DE D. JESÚS LÓPEZ BALSEIRO**, veciño de Viveiro e con domicilio na rúa Lodeiro, 28-3ªA, que solicita licenza urbanística para realizar obras na vivenda situada no lugar de San Martiño, 11, da parroquia de Galdo, consistentes en:

- Colocar un balcón de aluminio negro mate.
- Colocar dúas ventás de aluminio branco, de 870 x 1050.
- Colocar unha ventá de 960 x 1050, segundo o orzamento que se achega.
- Colocar 36 ml. de canalón e de 3 B baixante, de 6 m C/U.
- Botar unha soleira de lousa para colocar unha mesa de xardín, de 2,50 m de ancho e 10 m de longo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

“Canlón e baixantes preferentemente serán de cinc”.

3.6.- **A DE D. ANSELMO TRIGO REY**, veciño de Viveiro e con domicilio no lugar de A Granxa, 2, da parroquia de Vieiro, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar indicado, consistentes en:

- Reparar a soleira existente de formigón, nunha superficie de 15 m<sup>2</sup>. (Arranxar furados).

3.7.- **A DE D. MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ**, veciño de Viveiro e con domicilio no lugar de Pena, 1, da parroquia de Chavín, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar de A Granxa, 22, da parroquia de Vieiro, consistentes en:

- Arranxar o tellado completo, lousa, cangos e vigas de madeira, nunha superficie de 100 m<sup>2</sup>.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

“Se a reparación conlevase a substitución das vigas, presentarase un proxecto técnico redactado por un técnico competente”.

3.8.- **A DE “CONSTRUCCIONES FURADIÑA, S.L.”**, con domicilio social na *C/San Rafael, 17-2ªD, 24007-León*, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar de Igrexa, 26, da parroquia de Covas, consistentes en:

- Construír unha gabia para ampliar o entroncamento de auga existente, de 1,5 x 0,5 m.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado, previo pagamento de fianza por importe de 200 euros e segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

“Coordinarase a obra co persoal de “Aquagest, S.A.”

3.9.- **A DE D. GENEROSO MASEDA FERREIRO**, veciño de Viveiro e con domicilio no lugar de Cabanas, 2, da parroquia de Boimente, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar indicado, consistentes en:

- Pintar de branco as tres fachadas exteriores da vivenda, nunha superficie de 100 m<sup>2</sup>.

3.10.- **A DE D. JOSÉ REY FERNÁNDEZ**, veciño de Viveiro e con domicilio en Santo Alvites, 2, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar indicado, consistentes en:

- Cambiar a lousa do tellado da cabana, e algún cango en mal estado, nunha superficie de 30 m<sup>2</sup>.



3.11.- **A DE D.<sup>a</sup> LIDIA MARTÍNEZ FANEGO**, veciña de Viveiro e con domicilio no lugar de Pereira, 1, da parroquia de Covas, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar indicado, consistentes en:

- Substituír a uralita da cabana existente, por outra similar pintada de negro, nunha superficie de 40 m2.

3.12.- **A DE “PORTOCHAO MOBLES, S.L.”**, con domicilio social na Avda. García Dóriga, 15-baixo, que solicita licenza urbanística para realizar obras na Avda. de Galicia, 27, consistentes en:

- Cambiar unha ventá do local por unha porta, e a porta de acceso por unha ventá.
- Pintar o interior do local, nunha superficie de 100 m2.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado, segundo o informe favorable emitido pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, que textualmente di:

“As intervencións previstas están de acordo coa normativa do PEPRI”.

3.13.- **A DE “S.E.C.T., S.L.”**, con domicilio social na Avda. de Cervantes, 20-baixo, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar indicado, consistentes en:

- Pintar o teito do local, nunha superficie de 15 m2.
- Forrar as paredes interiores en tela e madeira, nunha superficie de 30 m2.

3.14.- **A DE D. RAMÓN ROMEO PALMEIRO**, con domicilio na Avda. Finisterre, 260-5ºD, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar de Igrexa, 27, da parroquia de Galdo, consistentes en:

- Reparar o tellado, substituindo as lousas en mal estado, nunha superficie aproximada de 30 m2.
- Colocar 50 m de canlón e 6 m de baixante en PVC .
- Recebar as paredes interiores na habitación, nunha superficie de 20 m2 e 2,50 m de altura, así como da cociña, nunha superficie de 30 m2 e unha altura de 2,50 m.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

“A cor da baixante será o máis semellante posible á das baixantes tradicionais do lugar.

A casa está a 15 m da Igrexa parroquial de Galdo, ben incluído no Inventario Patrimonio Histórico-Artístico nos Concellos das Normas Provinciais”.

#### **4º.- LICENZAS DE OBRAS MAIORES.**

4.1.- **A DE D.<sup>a</sup> DOLORES LAMELAS LAMELAS**, con NIF núm. 33.763.219-R, domiciliado no Lg- Rio de Loiba, nº 17 - Covas, que solicita licenza urbanística para executar obras de realización de forxado de formigón alixeirado, que se realizarán no Lg- Rio de Loiba, nº 17 - Covas , consonte ó proxecto técnico redactado polo Arquitecto José Díaz López

RESULTANDO que no expediente consta o informe favorable do enxeñeiro municipal .

CONSIDERANDO que a obra que se pretende está suxeita a licenza, nos termos previstos no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, 242.1 da Lei 1/1992, de 26 de xuño, 5 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, e no artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística.

RESULTANDO que o proxecto técnico vén acompañado do estudo básico de seguridade e saúde, asinado polo Arquitecto José Díaz López, segundo o disposto no Real decreto 1627/1997, de 24





de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

CONSIDERANDO que os servizos técnicos fixeron o informe esixido polo artigo 195.2 da Lei 9/2002, e seguiuuse o procedemento previsto no artigo 9 do Regulamento de servizos e demais lexislación aplicable, resultando de todo eso que o proxecto cumpre coas prescricións técnicas e xurídicas que lle son de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a Dna. DOLORES LAMELAS LAMELAS, con NIF núm. 33.763.219-R, licenza urbanística para executar obras de construción de forxado de formigón alixeirado, que se realizarán no Lg- Río de Loiba, nº 17 - Covas, consonte ó proxecto técnico redactado polo Arquitecto José Díaz López, cun orzamento estimado de tres mil cincocentos setenta e nove euros con vinte céntimos (3.579,20 €), previo pagamento das taxas municipais correspondentes e cos condicionamentos seguintes:

- a. Esta licenza enténdese expedida agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, sen que se poida invocar para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que puidieran incurrir os beneficiarios no exercizo das súas actividades.
- b. A obra rematarase de xeito que non pareza unha obra en construción ou inacabada.
- c. As obras iniciaranse no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ó da recepción da notificación do acordo de concesión da licenza, e remataranse no de tres anos. Superados estes prazos, incoarase expediente para instar a caducidade da licenza. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza se que sen iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente.
- d. As obras executaranse con estricte suxeición ó proxecto de construción e ós demais que obran no expediente, e baixo a dirección do técnico/s que figura/n nel/es. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- e. O promotor queda obrigado ó cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente e deberá levantar un valado de protección, o cal non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- f. A concesión desta licenza non prexulga en ningún caso a autorización para a apertura ó público de calquera dependencia da edificación, nin para a instalación de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
- g. Ó comezo das obras, en sitio visible, deberá figurar un cartel onde queden reflectidos os seguintes datos:
  - 1.- Descrición da obra.
  - 2.- Nome do promotor.
  - 3.- Nome da empresa constructora.
  - 4.- Nome do técnico redactor do proxecto e do director da obra.
  - 5.- Usos ós que se vai destinar a construción.
  - 6.- Data de expedición da licenza e número de expediente.
  - 7.- Data de comezo das obras.
  - 8.- Data prevista de remate.

4.2.- **A DE D.<sup>a</sup> MARÍA MAGDALENA PEÑA GÓMEZ**, con NIF núm. 76.396.730-E e D. Barcia Vázquez José Marcial, con NIF 76.392.323-P, domicilio a efectos de notificación no Lg- Puerto de Espasante - Ortigueira - A Coruña, que solicitan licenza urbanística para executar obras de rehabilitación parcial e ampliación en edificio para dúas vivendas, que se realizarán na rúa Pastor Díaz, nº 45, consonte ó proxecto técnico redactado polo Arquitecto José Díaz López

CONSIDERANDO que a obra que se pretende está suxeita a licenza, nos termos previstos no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural



de Galicia, 242.1 da Lei 1/1992, de 26 de xuño, 5 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, e no artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística.

RESULTANDO que no expediente consta informe do enxeñeiro municipal no que se establece que o edificio que se pretende rehabilitar lle é aplicable o Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro. O proxecto cumpre coa normativa que lle é de aplicación.

RESULTANDO que o proxecto técnico vén acompañado:

- a) Do estudio básico de seguridade e saúde, asinado polo Arquitecto José Díaz López, segundo o disposto no Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- b) Do proxecto de infraestrutura comunitaria de telecomunicacións, asinado polo Enxeñeiro de Telecomunicacións Rodríguez Dorado Iván, de acordo co sinalado no Real decreto lei 2/1998, de 27 de febreiro, que establece o réxime xurídico das infraestructuras comúns nos edificios para o acceso dos servizos de telecomunicación, desenvolvido polo Real decreto de 22 de febreiro de 1999, que aproba o Regulamento rexedor das infraestructuras comúns de telecomunicacións para o acceso ós servizos de telecomunicación no interior dos edificios e da actividade de instalación de equipos e sistemas de telecomunicacións.

CONSIDERANDO que os servizos técnicos fixeron o informe esixido polo artigo 195.2 da Lei 9/2002, e seguiuise o procedemento previsto no artigo 9 do Regulamento de servizos e demais lexislación aplicable, resultando de todo eso que o proxecto cumpre coas prescricións técnicas e xurídicas que lle son de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a Dña M<sup>a</sup> Magdalena Pena Gómez, con NIF núm. 76.396.730-E e D. Barcia Vázquez José Marcial, con NIF 76.392.323-P, licenza urbanística para executar obras de rehabilitación parcial e ampliación en edificio para dúas vivendas, que se realizarán na rúa Pastor Díaz, nº 45, consonte ó proxecto técnico redactado polo Arquitecto José Díaz López, cun orzamento estimado de sesenta e tres mil cincocentos oitenta e oito euros (63.588,00 €), previo pagamento das taxas municipais correspondentes e cos seguintes condicionamentos:

- a. Segundo establece o informe do Enxeñeiro Municipal:
  - 1.-A disposición de cuberta será a mesma que ten o edificio na actualidade, conservando a bufarda existente cas mesmas características e posición. A disposición dos lucernarios será libre.
  - 2.-Teranse que separar as augas pluviais recollidas na cuberta do edificio e patio das augas residuais, e canalizaranse cada unha o seu colector separativo.
  - 3.-Deixar un tubo de polietileno corrugado de diámetro adecuado á normativa pasando da rúa ó interior do portar baixo o limiar da entrada ó edificio, para a futura entrada da acometida eléctrica.
  - 4.-As antenas de radio, TV, colocaranse preferentemente na metade posterior da cuberta.
  - 5.-A fumeira existente na cuberta conservarase, de non ser así farase cas mesmas características que a existente na actualidade.
  - 6.-O illamento luminoso de ocos terase que facer por medio de contraventas tradicionais colocadas no interior, non estando permitido o uso de persianas.
  - 7.-Na carpintería exterior terase en conta que os xunquillos de división dos vidros serán polo exterior.
  - 8.-A pintura das fachadas exteriores da edificación será de cor claro ou de acordo co determinado pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro
  - 9.-A galería de madeira existente será conservada na súa totalidade, substituindo as pezas en mal estado e terase que pintar de cor branco. A galería de nova construción deberá ser das mesmas condicións que a da planta segunda.





- 10.-As limas serán da mesma cor que a lousa.*
- b. Esta licenza enténdese expedida agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, sen que se poida invocar para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que pudieran incorrer os beneficiarios no exercicio das súas actividades.
  - c. As obras iniciaranse no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ó da recepción da notificación do acordo de concesión da licenza, e remataranse no de tres anos. Superados estes prazos, incoarase expediente para instar a caducidade da licenza. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente.
  - d. As obras executaranse con estricte suxeición ó proxecto de construción e ós demais que obran no expediente, e baixo a dirección do técnico/s que figura/n nel/es. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
  - e. Cando na proximidade das obras que se autoricen se atopen instalacións de fíos telefónicos, conducións de auga ou instalacións de calquera outro servizo público, o beneficiario quedará obrigado a:
    - Dar conta destes feitos para prever os prexuízos que puideran irrogarse ao servizo público correspondente,
    - Custear os gastos que se ocasionen por este motivo e
    - Repoñer á situación anterior os elementos urbanísticos que puideran quedar afectados como consecuencia da obra autorizada.
  - f.. O promotor queda obrigado ó cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente e deberá levantar un valado de protección, o cal non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
  - h. A concesión desta licenza non prexulga en ningún caso a autorización para a apertura ó público de calquera dependencia da edificación, nin para a instalación de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
  - i. Ó comezo das obras, en sitio visible, deberá figurar un cartel onde queden reflectidos os seguintes datos:
    - 1.- Descrición da obra.
    - 2.- Nome do promotor.
    - 3.- Nome da empresa constructora.
    - 4.- Nome do técnico redactor do proxecto e do director da obra.
    - 5.- Usos aos que se vai destinar a construción.
    - 6.- Data de expedición da licenza e número de expediente.
    - 7.- Data de comezo das obras.
    - 8.- Data prevista de remate.

#### **5º.- LICENZAS DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

Vistos os expedientes tramitados a instancia dos veciños que se dirán, que solicitan a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento neste municipio, cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende, a Xunta de Goberno Local, en uso das facultades conferidas pola Lei reguladora das bases de réxime local, do 2 de abril de 1985, e Texto Refundido das disposicións legais en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal; por delegación do Sr. Alcalde, outorgada por resolución de data de 19 de xuño de 2003, acorda conceder as licenzas que se solicitan, así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figuran no



expediente, ascendendo o importe á cantidade que se cita a continuación, que deberá ser ingresada, previamente, nas arcas municipais, sen o cal as licenzas non producirán efecto ningún:

5.1.- **A DE D. JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ CERDEIRAS, en representación de “PIZZBUR PLAYA, S.L.”** veciño de Viveiro e con domicilio en Suasbarras, da parroquia de Covas, que solicita a licenza regulamentaria para proceder á apertura dun local destinado a CAFETERÍA-CERVEXERÍA-PIZZERÍA-BAR, a situar en Suasbarras, s/n -baixo, da parroquia de Covas, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 424,11 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.
- O petionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

5.2.- **A DE D. DIEGO APARICIO MARTÍNEZ,** veciño de Viveiro e con domicilio na Avda. N.Cora Montenegro, 59-3ºA, que solicita a licenza regulamentaria para proceder ao cambio de titularidade do local destinado a CAFÉ-BAR ESPECIAL, situado na rúa Fernández Victorio, 11-baixo, o cal figuraba a nome de D. Marco Antonio Martínez Timiraos en Suasbarras, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 108,82 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.
- O petionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

5.3.- **A DE D.ª M.ª DORA BLANCO FRANCO,** veciña de Viveiro e con domicilio na rúa Teodoro de Quirós, 14-2º, que solicita a licenza regulamentaria para proceder ao cambio de titularidade do local destinado a HOSPEDAXES EN FONDA, situado na rúa Teodoro de Quirós, 14-2º e 3º, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 42,29 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.
- O petionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

## 6º.- **RESOLUCIÓN DE INSTANZAS.**

### 6.1.- **ESCRITO DO VIVEIRO, C. F., SOLICITANDO ARRANXOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE CANTARRANA.**

Dáse conta do escrito do Presidente do Viveiro, C. F., solicitando o arranxo da cuberta do Campo de Fútbol de Cantarrana e, achegando tres orzamentos de diferentes empresas para que o Concello aprobe o que estime oportuno.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do presente acordo ao Concelleiro-delegado de Deportes, D. José Antonio Goás Basanta, así como ao departamento de Intervención.

### 6.2.- **ESCRITO DE D. LUIS VALE LÓPEZ, SOLICITANDO INFORMACIÓN URBANÍSTICA.**

Dáse conta do escrito de D. Luis Vale López, veciño de Viveiro e con domicilio en Verxeles, 13-1º, solicitando información urbanística do edificio indicado.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda emitir a seguinte información urbanística, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

“1. De acordo coas normas subsidiarias de planeamento (NSP) de Viveiro, o solo que ocupa o edificio é urbano, e a ordenanza que nel rexe é a de “Residencial cerrada intensiva” (RCI).

2. A parcela ten acceso pavimentado e tódolos servizos pola estrada LU-540.

3. Sobre a pregunta de se se pode destinar a vivenda o baixo cuberta, a resposta é, dende o punto de vista urbanístico, afirmativa, xa que a altura real do edificio non supera a altura máxima permitida de acordo coa ordenanza RCI. Dito de outro modo, o edificio existente na actualidade (baixo+4+baixo cuberta) ten dentro de ordenación tódalas súas plantas, incluída a baixo cuberta, e pódense destinar todas ó uso residencial. En todo caso, cumpríranse as condicións mínimas de habitabilidade establecidas polo Decreto 311/1992, do 12 de novembro, de supresión da cédula de habitabilidade e a demais normativa de obrigado cumprimento.

4. Xunto a este informe unha fotocopia do plano de ordenación correspondente das NSP, e a ordenanza RCI.”

#### **6.3.- ESCRITO DE D<sup>a</sup>. PILAR BARRO, SOLICITANDO AUTORIZACIÓN PARA CORTAR UNHA PALMEIRA**

Dáse conta do escrito de D<sup>a</sup>. Pilar Barro, veciña de Viveiro e con domicilio na Avda. Benito Galcerán, s/n, solicitando autorización para podar a palmeira da súa propiedade, sita no lugar indicado, a fin de evitar perigo para os transeúntes e para a súa vivenda, posto que se convertíu nun niño de estorninos, reventando os cimentos da súa casa e as tuberías da auga.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, unha vez consultado aos Organismos oficiais competentes na materia, acorda autorizar o solicitado.

#### **6.4.- ESCRITO DO CENTRO COMERCIAL CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO, SOLICITANDO AUTORIZACIÓN PARA USO DE LOCAL MUNICIPAL.**

Dáse conta do escrito do Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro, solicitando autorización para a utlización dunha das aulas dos Claustros de San Francisco para impartir un curso dirixido aos asociados do dito Centro, durante o mes de setembro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado.

#### **6.5.- ESCRITO DE D. JAVIER CANOSA PENABA, SOLICITANDO CONTESTACIÓN A ESCRITO.**

Dáse conta de escrito de D., Javier Canosa Penaba, veciño de Madrid, 28036, con domicilio en Padre Damián, 31-8º-D, solicitando novamente contestación ao seu escrito no que solicitaba unha certificación negativa do camiño referenciado no catastro co núm.: 9015 na zona de Brieiro, Area (sector A polígono 003), por ser zona de xardín e camiño privativo, quedando así excluído do Inventario Municipal de Bens do Concello de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir a Javier Canosa Penaba o informe emitido polo arquitecto redactor do Inventario de Bens Municipais desta Concello que, textualmente dí:

“Antecedentes:

Que D. Javier Canosa Penaba, con DNI 626833 Z, solicita ante este Concello se comprobe que o vial Rústico sito no núcleo rural de Brieiro da parroquia de San Julián de Faro (Viveiro), o cal se grafía no plano xunto, non forma parte do Inventario de Bens Municipais.

Informa:

Que o camiño mencionado anteriormente, non existe como tal no Inventario de Bens Municipais do Excmo. Concello de Viveiro.”



**6.6.- ESCRITO DE D. ÁLVARO MÉNDEZ GIL, SOLICITANDO DEVOLUCIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

Dáse conta do escrito de D. Álvaro Méndez Gil, en representación de “PROINSA”, con domicilio social na zona Comercial de Bergazos-Ctra. N-525, Km. 293, 36519 Lalín, Pontevedra, solicitando a devolución da documentación administrativa presentada o día 05-07-05, para a obra: “Execución da obra da nova Oficina de Turismo de Viveiro”, xa que non foron adxudicatarios da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado e dar traslado ao departamento de Obras e urbanismo para que procedan á devolución solicitada.

**6.7.- ESCRITO DE D<sup>a</sup>. ROSA MARTÍNEZ, SOLICITANDO CANCELACIÓN DE AVAL.**

Dáse conta de escrito de D<sup>a</sup>. Rosa Martínez, en representación de “Artabro-Samdeu”, con domicilio social no Plg. Industrial Río do Pozo Pc 55-56, 15572, Narón, A Coruña, no que solicita a devolución do aval bancario depositado por importe de 3.840 euros, correspondente á obra “Subministro dun escenario para realización de actividades culturais”, por finalización da garantía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder á devolución do aval solicitado e dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesourería.

**6.8.- ESCRITO DE D. RAMÓN M. CABARCOS RODRÍGUEZ, SOLICITANDO INFORME SOBRE A VIABILIDADE DA REHABILITACIÓN DE INMOBLE.**

Dáse conta de escrito de D. Ramón M. Cabarcos Rodríguez, veciño de Lugo, con domicilio en Ronda da Muralla, 121, 1º, solicitando informe de viabilidade, por escrito, acerca da rehabilitación da casa sita no núm. 12 da rúa Margarita Pardo de Cela, desta Cidade, cos usos e actividades descritos, así como coa morfoloxía indicada no plano que achega.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda emitir a información solicitada, segundo o informe da Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro que, textualmente, dí.

“

1. La edificación tiene condición de agregación con el nº 14 de la misma calle, y tiene la posibilidad de aumento de una planta.
2. En el Plan Especial de Protección y Reforma Interior (PEPRI) del Casco Histórico de Viveiro, el edificio citado está protegido y se pueden realizar los siguientes tipos de obra:

**CS:** son aquellas necesarias para mantener inalterable la edificación y cuidar de su permanencia, afectada por el uso, degradación de los materiales y acción de los agentes exteriores.

**RT:** Son las obras necesarias para restituir el edificio a sus características iniciales, es decir, volverlo al estado que antes tenía. Deberán estar fundamentadas en un conocimiento riguroso de la edificación original.

**CD:** Son aquellas necesarias para mantener la firmeza y solidez del edificio.

**AI:** Comprende pequeñas modificaciones, en régimen de conservación total de la edificación, que no alteren, prácticamente, la disposición original pero permitan la instalación, entre otros, de los servicios de agua, electricidad, telefonía, calefacción, etc. Modificaciones, en régimen de conservación parcial que afectan a la disposición original mediante variaciones de tabiquería y elementos estructurales.



**AE/T:** Pequenas modificacións, en réxime de conservación total, que non alteren as características dominantes do edificio.

**AT:** Son obras de reposición estrutural ou nova estrutura, referentes a forxados, pilares, vigas e cuberta que se executan para a conservación parcial da conformación arquitectónica orixinal.

**IE:** Son obras de adición á edificación existente, ben para ocupar espazo edificable non construído e inmediato, completándolo ou para a execución de algunha planta máis de edificación sobre a última existente e subsiguiente execución de cuberta.

En ambos casos se require a construción de novos paramentos de fachada, ou cuberta, en réxime de conservación parcial e segundo o nivel de protección sinalado.

3. As obras de rehabilitación, reforma e ampliación de edificios e vivendas están exentos de cumprir o Decreto de Habitabilidade 311/92 se están impedidos pola configuración física da parcela ou edificación ou pola protección á que estivese sometido o inmueble."

#### **6.9.- ESCRITO DE D. RAMÓN SEARA GONZÁLEZ, SOLICITANDO PUNTO DE LUZ.**

Dáse conta do escrito de D. Ramón Seara González, Presidente da comunidade de propietarios "Fonte dos Mouros", portal 11, rúa Villafranca del Bierzo, solicitando un punto de luz á altura do portal da dita comunidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do dito escrito ao Tenente de Alcalde, D. José Luis Docampo Fortes.

#### **6.10.- ESCRITO DE D. FRANCISCO BASANTA LADRA, SOLICITANDO PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA.**

Dáse conta do escrito de D. Francisco Basanta Ladra, veciño de Viveiro e con domicilio na parroquia de Celeiro, Rúa Grande, 81, 2º, no que solicita unha prórroga da licenza de obra concedida con data 25-10-04, núm. 2004/41, para rematar os traballos autorizados na dita licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado e concederlle unha prórroga polo prazo de seis meses.

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de obras e urbanismo.

#### **6.11.- ESCRITO DE D. RAMÓN A. RIVEIRA RODRÍGUEZ, SOLICITANDO PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA.**

Dáse conta do escrito de D. Ramón Riveira Rodríguez, veciño de Viveiro e con domicilio na parroquia de Valcarría, lugar de Suasbarras, 11, no que solicita unha prórroga de licenza de obra concedida con data 16-02-04, para realización de caseta para garaxe, no lugar de Valado da dita parroquia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado e concederlle unha prórroga polo prazo de seis meses.

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de obras e urbanismo.

#### **6.12.- ESCRITO DE D. AGUSTÍN FRA PEDRE, SOLICITANDO PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS.**

Dáse conta do escrito de D. Agustín Fra Pedre, veciño de Viveiro e con domicilio na Avda. Nicolás Cora Montenegro, núm. 20-4º, no que solicita unha prórroga de licenza de obras concedida con data 24-06-02, para amañar as goteiras do tellado, nunha superficie de 30 m2.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, á vista do manifestado polos servizos de obras, acorda non autorizar a prórroga por atoparse a obra obxecto da licenza finalizada na súa execución.

**6.13.- ESCRITO DE D<sup>a</sup>. BERTA MARTÍNEZ VÁZQUEZ, SOBRE DEFICIENCIAS DE PAPELEIRAS.**

Dáse conta de escrito de D<sup>a</sup>. Berta Martínez Vázquez, veciña de Viveiro e con domicilio en Xunqueira, 29-3<sup>o</sup>-B, comunicando a escaseza de papeleiras en todo o concello e, principalmente na zona onde reside

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado de dito escrito ao Tenente de Alcalde, D. José Luis Docampo Fortes.

**6.14.- ESCRITO DE D<sup>a</sup>. ISABEL DÍAZ ANSEÁN, SOLICITANDO PINTADO DE PASO DE PEÓNS.**

Dáse conta de escrito de D<sup>a</sup>. Isabel Díaz Anseán, veciña de Viveiro e con domicilio na rúa Cantarrana, 8-1<sup>o</sup>-A, solicitando se volva a pintar o paso de peóns da rúa Cantarrana que desapareceu polas obras de repavimentación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicarlle que dispón dun paso de peóns a escasamente trinta metros do domicilio da solicitante.

**6.15.- ESCRITO DE D<sup>a</sup>. ALICIA GARCÍA PÉREZ, SOLICITANDO ASFALTADO DE PISTA.**

Dáse conta de escrito de D<sup>a</sup>. Alicia García Pérez, veciña de Viveiro e con domicilio en Naín, 9, solicitando o asfaltado da pista que une o lugar de Naín coa curva da estrada de San Roque, localización que se detalla no plano que achega; igualmente, manifesta que existen determinadas pistas rurais en Naín que se atopan nunha situación lamentable, urxindo o seu rápido acondicionamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada.

**6.16.- ESCRITO DO C.E.P. “LOIS TOBÍO” DE VIVEIRO, SOLICITANDO O PRESTAMO DE COLECTORES DE LIXO.**

Dáse conta de escrito de D. Manuel Rodríguez González, mestre de música no C.E.P. “Lois Tobío” de Viveiro, no que solicita o préstamo de dous colectores de lixo (do modelo que poñen nas praias nos meses de verán), de tamaño pequeno, para levar adiante nas clases de música un proxecto musical de ritmos urbanos. O préstamo sería deica maio do vindeiro ano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar a D. Manuel Rodríguez González que se lle facilitarán os colectores interesados, cando se dispoña de excedentes.

**6.17.- ESCRITO DE D<sup>a</sup>. MARÍA JUSTA PARDO VILA, SOLICITANDO DEVOLUCIÓN DE FIANZA.**

Dáse conta do escrito de D<sup>a</sup>. María Justa Pardo Vila, con domicilio a efectos de notificación na Praza da Mariña, 1 ps. 3<sup>o</sup>, de Burela, 27880, no que solicita a devolución da fianza provisional constituída no seu día por importe de 150,00 euros para a concesión do uso privativo dun posto de venda de peixe na Praza Municipal de Abastos desta Cidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado e proceder á devolución da dita fianza, dando traslado do presente acordo ao departamento de intervención para que proceda a súa devolución.





**6.18.- ESCRITO DE “OS PITIÑOS, S. L.”, ACHEGANDO INFORMACIÓN SOBRE ASISTENZA A CURSOS.**

Dáse conta de escrito de “ Os Pitiños, S. L”, con domicilio social na Avda, Ramón Canosa, 14, baixo, desta Cidade, informando da relación de asistencia aos cursos subvencionados polo Concello de Viveiro para nenos de idades comprendidas dende os 2 ata os 5 anos, durante os meses de xullo e agosto do presente ano, impartidos nas súas instalacións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do presente escrito ao Concelleiro-delegado de Economía e Facenda, D. Rafael Luis Fernández Amor.

**6.19. ESCRITO DE D. JOSÉ VIVERO RUSSO, SOBRE A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES.**

Dáse conta de escrito de D. José Vivero Russo, funcionario deste Concello, adscrito á Secretaría do Alcalde, solicitando se decida a persoa e departamento que se encargue de tramitar os expedientes para a retirada de vehículos abandonados da vía pública.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e trasladar copia de dito escrito ao Sr. Alcalde.

**6.20.- ESCRITO DE D. CARLOS ALBERTO RODRÍGUEZ PULPEIRO, SOLICITANDO INFORMACIÓN URBANÍSTICA.**

Dáse conta do escrito de D. Carlos Alberto Rodríguez Pulpeiro, veciño de Cervo e con domicilio no lugar de Lieiro, 12, solicitando información urbanística dunha parcela que se sinala no plano que achega, situada en Santo Albites.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda emitir a seguinte información urbanística, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

“1. De acordo coas normas subsidiarias de planeamento (NSP) e coa súa adaptación á Lei 11/1985 de adaptación da do solo a Galicia (LASGA) vixentes, parte do solo que ocupa a parcela é solo non urbanizable nuclear, e o resto é solo urbanizable.

2. A parte en solo non urbanizable nuclear é a situada a menos dunha distancia que varía entre 47,5 m e 50 m aproximadamente, do eixe da estrada de Santo Albites.

3. Nesta parte o solo é non urbanizable nuclear, e está dentro da delimitación do núcleo rural de Santo Albites, polo que, en virtude da disposición transitoria primeira, letra e) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUPMRG), modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da LOUPMRG, cómpre aplicarlle o réxime establecido nela para o solo de núcleo rural.

4. O réxime específico de solo de núcleo rural que hai que lle aplicar, segundo a mesma letra e) do número 1 da disposición transitoria primeira modificada da LOUPMRG, é o das áreas orixinarias, xa que o grao de consolidación pola edificación é na actualidade maior có 50%.

5. En todo o que non se opoña ó disposto na LOUPMRG para o solo de núcleo rural, está esta parte da parcela rexida pola ordenanza “Solo non urbanizable nuclear” (SNU/N) da adaptación á LASGA das NSP.

6. As condicións de uso son as dos artigos 25 a 28 modificados da LOUPMRG (o uso básico é o residencial).

7. As condicións da edificación son as do artigo 29 modificado da LOUPMRG (entre elas figura que “as características estéticas e constructivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento”; a altura máxima, que non excederá de 7 m de altura de cornixa, nin de dúas plantas; e o requisito de que as parcelas deberán ter resoltos os servizos de acceso rodado, abastecemento, saneamento, etc.).



8. A parcela mínima para poder edificar, de acordo coa letra a) do número 1 do artigo 29 modificado da LOUPMRG, é de 300 m<sup>2</sup>.

9. A edificabilidade máxima é de 0,6 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, de acordo coa ordenanza SNU/N. Os recuamentos ás lindes, de acordo con esta ordenanza, serán de 5 m no caso de lindes frontais a camiños, e 3 m a outras parcelas.

10. Xunto a este informe, referido a esta parte da parcela, o plano coa delimitación vixente do núcleo, un plano a escala 1:2000 co parcelario e o límite do núcleo, representado de maneira aproximada, o artigo 13 e os artigos 24 a 29 modificados da LOUPMRG, co réxime desta clase de solo, a disposición transitoria primeira modificada da LOUPMRG, así como a ordenanza SNU/N.

11. O resto da parcela está en solo clasificado como urbanizable nas NSP, polo que, segundo a letra d) da disposición transitoria primeira da LOUPMRG, modificada pola Lei 15/2004, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable non-delimitado. En virtude do número 4 do artigo 21 da LOUPMRG, por non haber plan de sectorización aprobado, hai que aplicar o réxime establecido nela para o solo rústico.

12. A categoría concreta de solo rústico que hai que aplicar é a de protección ordinaria.

13 Os usos permitidos no solo rústico de protección ordinaria, de acordo co artigo 36 modificado da LOUPMRG, son os seguintes:

a. Usos permitidos por licenza municipal directamente: os usos do apartado 1, letras b) e c), e do apartado 2, letras f) e i), do artigo 33 modificado da LOUPMRG. Basicamente son as actividades de ocio e científicas, as instalacións para as infraestruturas de telecomunicacións, hidráulicas, de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, e o cerramento das leiras.

b. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma: o resto dos do artigo 33 modificado da LOUPMRG. Basicamente son os movementos de terra, os depósitos de materiais e maquinaria, as actividades extractivas, as construcións agropecuarias ou forestais, as instalacións vinculadas ás estradas, as construcións e rehabilitacións destinadas a turismo rural e que sexan potenciadoras do medio onde se localicen, as construcións e instalacións para equipamentos que deban localizarse necesariamente no medio rural, as construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira, as actividades deportivas, culturais ou recreativas ó aire libre coas instalacións mínimas e imprescindibles, as construcións destinadas a actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, e as construcións para acuicultura.

14. Xunto a este informe, referido a esta parte da parcela, os artigos 21 e do 32 ó 39 da LOUPMRG, coas categorías e usos permitidos en solo rústico.”

#### **6.21.- ESCRITO DE D. ANTONIO RODRÍGUEZ FREIRE, SOLICITANDO AUTORIZACIÓN SOBRE O TRANSPORTE DE MADEIRA.**

Dáse conta de escrito de D. Antonio Rodríguez Freire, en representación de Costiña, S. L., con domicilio social en Bacoí, 27774, Alfoz, no que da conta da realización de transporte de madeira da Comunidade de montes de Covas e comprométese a responder dos danos que poda ocasionar o mesmo, duración 2/3 semanas.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do presente escrito á Xefatura da Policía Local.

#### **6.22.- ESCRITO DE D<sup>a</sup>. ALICIA GARCÍA PÉREZ, SOLICITANDO A PREMURA DA CESIÓN DE PISTA.**



Dáse conta de escrito de D<sup>a</sup>. Alicia García Pérez, veciña de Viveiro con domicilio en Naín, 9, no que manifesta que en relación co acordo acadado na Xunta de Goberno Local, do día 8 de marzo, accedendo á petición da solicitante de ceder a pista da súa propiedade para unir a outra xa existente, camiño da Regueira, e no que solicita se axilicen as xestións administrativas para que o Concello proceda ao acondicionamento da citada pista.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda requerir á solicitante a presentación do título de propiedade da pista que propón a cesión, ao obxecto de tramitar o interesado.

**6.23.- ESCRITO DE D. CÉSAR ORBE FRAGA, SOLICITANDO INDEMNIZACIÓN POR DANOS EN VEHÍCULO.**

Dáse conta de escrito de D. César Orbe Fraga, veciño de Viveiro, con domicilio en Juan Donapetry, 6-4º-A, no que expón que por motivo das obras da estrada de Area a Faro, nas inmediacións do cemeterio, produxo danos no seu vehículo (corte dunha roda), peugeot, matrícula 6560-CWF, co bordillo na obra dunha rede de sumidoiro e, solicitando o aboamento dos gastos ocasionados.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Comunicar ao solicitante que as obras referidas corresponden ao saneamento que está a executar a empresa “COPASA”, adxudicataria das ditas obras contratadas pola Xunta de Galicia.

2º.- Dar traslado da factura e copia da solicitude á citada empresa “COPASA” para a resolución da mesma.

**6.24.- ESCRITO DE D. ALFONSO GARCÍA LEAL, SOLICITANDO CAMBIO DE RECIBO DE CONTRIBUCIÓN.**

Dáse conta de escrito de D. Alfonso García Leal, veciño de Viveiro, con domicilio en Santo Albites, 8, no que solicita se tramite o cambio do recibo da contribución da finca e depósito que se achega na documentación, por ser titularidade do Concello, segundo o acordo de 24-04-95 e escritura de compra-venda de 27 de xullo de 1996.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda facer o cambio solicitado e dar traslado do presente acordo ao funcionario encargado da Oficina Virtual do Catastro, D. Eusebio Martínez González.

**6.25.- ESCRITO D<sup>a</sup>. PILAR ENCARNACIÓN BRANCO ILLODO, SOLICITANDO CANCELACIÓN DA PARTE PROPORCIONAL DA LIQUIDACIÓN POR OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA.**

Dáse conta de escrito de D<sup>a</sup>. Pilar Encarnación Branco Illodo, en nome e representación da entidade “MAHÍA INMOBILIARIA, S. L.”, con domicilio a efecto de notificacións na rúa Pedregal, nº. 4, de Bertamiráns-Ames, A Coruña, manifestando que a súa representada ocupou 60 m2. de vía pública, na rúa Antonio Bas, con valados, estadas e outros, motivo polo que liquida cada dous meses a correspondente taxa e, desde o pasado 15 de xullo, retirou o 50% dos elementos, que ata a data resultaban necesarios para a execución da obra; por isto, solicita se deixe de xirar a taxa por ocupación do 50% da citada vía pública (30 m2), procedendo ao arquivo desa parte do expediente desde o 15 de xullo do presente ano.

Visto o informe favorable emitido pola Policía Local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado, dando traslado do presente acordo ao departamento de Tesourería.

**6.26.- INFORME DA POLICÍA LOCAL SOBRE INSPECCIÓN DE OBRA EN SUASBARRAS, COVAS.**



Dáse conta do informe da Policía Local, relativo á comprobación de realización de traballos de obra na parte traseira do hotel “Dolusa”, propiedade de D. Arístides Ríos Cao, con resultado negativo, xa que aparenta as mesmas condicións que no derradeiro mes de abril.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda darse por informada e trasladar copia do escrito ao Sr. Alcalde e ao departamento de obras e urbanismo, para unir ao expediente que obra nesas dependenzas.

**6.27.- ESCRITO DO AXENTE 266709, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DE ARMA.**

Dáse conta do escrito do Axente 266709, membro do Corpo da Policía Local deste Concello, no que solicita se lle devolva a pistola marca star, calibre 45, co número 1986348, que é da súa propiedade e que se atopa depositada no Cuartel da Garda Civil de Burela, así como a guía correspondente á dita arma, dado que se atopa en activo como Policía Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado de dito escrito ao Sarxento Xefe da Policía Local, a fin de que emita o informe correspondente.

E ó non haber máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e quince minutos da data indicada máis arriba, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.